

**Praza número: 25/016**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Titular de Universidade**

**Área de coñecemento: Dereito Procesual**

**Departamento: Dereito Público**

**Data da convocatoria: 14/10/2025**

**Data de publicación no BOE: 10/27/2025**

**Centro: Facultade de Dereito**

### PROPOSTA DE PROVISIÓN

En A Coruña ás 11 horas do día 16 de xaneiro de 2026, reúnese a comisión de selección do concurso arriba indicado, coa asistencia de:

Presidencia: Agustín Pérez-Cruz Martín  
Secretaría: Xulio Ferreiro Baamonde  
Vogal 1º: Rosa Rodríguez Bahamonde  
Vogal 2º: Marcos Loredó Colunga  
Vogal 3º: Leticia Fondestad Portalés  
Rep. persoas traballadoras: \_\_\_\_\_

Finalizadas as probas establecidas no apartado 8.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a comisión de selección, conforme ao establecido no apartado 9.2 desta normativa, formula a súa proposta de provisión, na que figura/n a/s persoa/s candidata/s seleccionadas por orde de puntuación.

### RELACIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS PROPOSTAS

| Apelidos e nome       | Valoracións favorables |
|-----------------------|------------------------|
| Neira Pena, Ana María | 5                      |
|                       |                        |

Motivación da proposta:

A candidata Ana María Neira posúe, a xuízo desta comisión os méritos docentes e investigadores suficientes para adquirir a condición de profesora titular de Universidade en Dereito Procesual, e presenta proxectos docentes e investigadores axeitados para o desenvolvemento da docencia nas materias da área.

A candidata posúe un perfil sólido e de excelencia, tanto no ámbito docente como investigador, así como o de xestión. O seu historial académico posúe un perfil multidisciplinar, tanto de licenciatura, como de mestrado e doutoramento, coas máximas cualificacións e premios en diversas titulacións.

A tese de doutoramento de Ana María Pena é unha referencia na materia do tratamento procesual da persoa xurídica, materia na que a candidata é unha referencia académica de carácter internacional.

A traxectoria docente e investigadora da candidata é equilibrada. Posúe unha ampla experiencia docente, extensa e diversificada en diversas titulacións, tanto de grao como mestrado, mesmo impartindo docencia en lingua inglesa, o que é exemplificativo da súa calidade. A súa docencia, ademais non só se ten desenvolvido na UDC, senón tamén noutras universidades españolas e estranxeiras de xeito continuado. Ademais, as materias nas que ten cursado docencia de carácter especializada é coherente e aliméntase directamente da súa actividade investigadora. Ten participado en diversos proxectos de innovación docente, asumindo funcións de liderazgo na Facultade de Dereito da Coruña, a través do Grupo de Innovación docente que coordina. Participa tamén en redes e congresos de innovación pedagóxica e docente. É autora tamén de diversas publicacións docentes en Dereito Procesual. En definitiva, no que se refire á actividade docente, a candidata posúe unha ampla experiencia docente, de calidade e excelencia, como reflicten as avaliacións positivas que ten obtido por comisións externas, tanto no programa Docentia como noutros.

Polo que respecta ao seu labor investigador, a candidata é autora dunha extensa produción científica, de significativa calidade, dado que a maior parte das súas publicacións téñense producida en revistas e editoriais de calidade. Ten participado en máis de 15 proxectos de investigación, realizado estadías en centros estranxeiros de excelencia, que se teñen en ambos casos reflexado nas súas publicacións.

**Praza número: 25/016**

**Número de prazas: 1**

**Categoría: Titular de Universidade**

**Área de coñecemento: Dereito Procesual**

**Departamento: Dereito Público**

**Data da convocatoria: 14/10/2025**

**Data de publicación no BOE: 10/27/2025**

**Centro: Facultade de Dereito**

É autora de dúas monografías, que son referencia internacional e impacto na súa materia. A estas hai que sumar máis de medio centenar de artigos, capítulos de libro e coordinación de publicacións, así como de premios científicos. A súa participación en congresos é tamén amplísima, con máis de un centenar de ponencias e comunicacións.

A candidata ten tamén unha importante actividade de transferencia de investigación, tendo sido experta colaboradora de diversos proxectos internacionais de difusión e análise xurídica. Posúe tamén colaboracións con diversas entidades profesionais do ámbito xurídico nacional e internacional. A esta actividade de transferencia acompaña tamén a de divulgación científica, achegando diversas materias do ámbito xurídico á sociedade, esencialmente ao estudantado de secundaria. Por último son tamén numerosas as súas colaboracións con medios de comunicación.

No que respecta á actividade de xestión, compre salientar a dirección por máis de cinco anos da Oficina de Igualdade da UDC, ademais de ter sido secretaria do Anuario da Facultade de Dereito e desenvolver funcións de coordinación en mobilidade internacional.

En canto ao proxecto docente, centrado na materia Constitución e Poder Xudicial, esta comisión entende que se axusta perfectamente ás necesidades que esta asignatura precisa. Trátase dunha materia esencial para o Dereito Procesual, xa que permite asentar os conceptos básicos da disciplina aos estudantes de grao. A planificación que presenta o proxecto é totalmente axeitada e inclúe unha ampla panoplia de técnicas docentes para asegurar o aproveitamento por parte do estudantado, asegurando a súa correcta formación, o que conecta o seu proxecto docente, na súa metodoloxía, cos proxectos de innovación docente anteriormente valorados, potenciando o traballo autónomo do alumnado.

Por último, no que se refire ao proxecto investigador presentado, esta comisión considera que é coherente coa súa actividade investigadora previa, ademais de coa súa experiencia de xestión, xa que conecta o dereito procesual co ámbito da igualdade de xénero e a persecución dos delitos de odio. Trátase, ademais dun tema actual que esixe unha revisión profunda das ferramentas procesuais para conseguir unha reacción efectiva dos delitos cometidos en liña e unha protección efectiva ás vítimas destes delitos. O proxecto aborda todos os aspectos relevantes para o éxito da investigación proposta, como é a proba dixital, a identificación dos perpetradores on-line, a responsabilidade das plataformas tecnolóxicas, etc. Inclúe tamén un plan de difusión axeitado para permitir o coñecemento da investigación proposta pola comunidade científica e pola sociedade. O proxecto investigador inclúe tamén liñas futuras que cubren diversos aspectos do Dereito Procesual, non só na materia de dereito procesual penal, senón tamén de carácter orgánico e procesual civil.

En definitiva, a comisión considera que a candidata cumpre sobradamente os requisitos para acceder á praza de profesora titular de Universidade. A súa traxectoria académica, docente e investigadora é excelente e a fan acreedora da proposta unánime de provisión da praza obxecto do presente procedemento.

Contra esta proposta as persoas concursantes dispoñen dun prazo de 5 días hábiles, a partir desta publicación, para presentar reclamacións razoadas.

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

A secretaría,